



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés

|                    |   |          |       |              |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia            | Idioma moderno:<br>Idioma 1, III:<br>Inglés   |          |       |              |
| Código             | V01G230V01303   |          |       |              |
| Titulación         | Grao en Tradución e Interpretación  |          |       |              |
| Descritores        | Creditos ECTS   | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
|                    | 6   | FB       | 2     | 1c           |
| Lingua impartición | Galego  |          |       |              |
| Departamento       | Filoloxía inglesa, francesa e alemá   |          |       |              |
| Coordinador/a      | Llantada Díaz, María Francisca<br>Rodríguez Abruñeiras, Paula   |          |       |              |
| Profesorado        | Llantada Díaz, María Francisca<br>Rodríguez Abruñeiras, Paula   |          |       |              |
| Correo-e           | paula.r.abruneiras@uvigo.es<br>fanny.llantada@uvigo.es  |          |       |              |
| Web                |   |          |       |              |
| Descrición xeral   | Cunha orientación practica con foco no uso da lingua, a materia parte dun nivel avanzado (C1) e pretende acadar un nivel C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. |          |       |              |

## Competencias

|        |  |
|--------|--|
| Código |  |
| CB1    | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| CB5    | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.   |
| CE1    | Dominio de linguas estranxeiras  |
| CE2    | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras   |
| CE4    | Coñecer norma e usos das linguas de traballo   |
| CE10   | Capacidade de traballo en equipo   |
| CE12   | Posuír unha ampla cultura  |
| CE17   | Capacidade de tomar decisións  |
| CE18   | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica   |
| CE22   | Destrezas de tradución   |
| CE24   | Capacidade de aprendizaxe autónoma   |
| CE25   | Coñecementos de cultura xeral e civilización   |
| CE27   | Capacidade de razoamento crítico   |
| CE30   | Coñecemento de idiomas   |
| CT2    | Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira   |
| CT5    | Coñecementos de informática aplicada   |
| CT6    | Capacidade de xestión da información   |
| CT7    | Toma de decisións  |
| CT8    | Compromiso ético e deontolóxico  |
| CT9    | Razoamento crítico   |
| CT14   | Motivación pola calidade   |
| CT15   | Aprendizaxe autónoma   |
| CT17   | Comprensión doutras culturas e costumes  |
| CT18   | Creatividade   |
| CT19   | Iniciativa e espírito emprendedor  |
| CT22   | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica  |

| <b>Resultados de aprendizaxe</b>  |              |   |
|---|--------------|---|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias |   |
| Desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión                       | CB5          | CE1 CT15<br>CE2 CT22<br>CE4 CT23<br>CE18<br>CE25  |
| Desenvolver as destrezas de comprensión e expresión oral e escrita en inglés a nivel avanzado   | CB1          | CE1 CT15<br>CE4 CT22<br>CE18 CT23<br>CE24<br>CE30   |
| Ampliar o repertorio léxico e textual en inglés a ámbitos máis específicos  |              | CE1 CT15<br>CE4 CT23<br>CE24<br>CE25<br>CE30  |
| Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais e léxicos ó análise, creación e revisión dunha gran variedade de textos escritos en inglés          |              | CE1 CT17<br>CE2 CT22<br>CE4 CT23<br>CE18<br>CE30  |
| Estimular a autonomía dos alumnos para sintetizar unha gran variedade de textos orais e escritos en inglés  |              | CE1 CT2<br>CE2 CT5<br>CE4 CT6<br>CE10 CT7<br>CE12 CT8<br>CE17 CT9<br>CE18 CT14<br>CE22 CT15<br>CE24 CT17<br>CE25 CT18<br>CE27 CT19<br>CE30 CT22 |
| Desenvolver a comprensión de aspectos socioculturais fundamentais das distintas culturas de fala inglesa e comparalos cos do ámbito cultural do estado español. |              | CE1 CT17<br>CE2<br>CE25<br>CE30   |
| Distinguir entre norma e uso da lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas   |              | CE1 CT17<br>CE2<br>CE4<br>CE18<br>CE30  |

**Contidos**

| Tema                          |  |
|-------------------------------|--|
| Use of English and vocabulary | <p>1. Grammar</p> <p>1.1. Tasks such as multiple-choice cloze, open cloze, word formation, key word transformations, multiple choice, gapped text and multiple matching (Units 1-10 Proficiency Expert Coursebook).</p> <p>1.2. Emphatic structures and inversión.</p> <p>1.3. Passive and causative structures (have, get it made).</p> <p>2. Vocabulary: phrasal verbs, phrases, patterns, collocations, idioms, word formation.</p> |
| Reading                       | <p>1. Reading comprehension tasks such as multiple-choice cloze, open cloze, multiple choice and gapped text (fictional and non-fictional books, non-specialist articles from magazines, newspapers and the internet).</p> <p>2. Textual analysis. Coherence, cohesion, structure and organization of a text.</p>  |

|           |   |
|-----------|---|
| Listening | <p>1. Tasks such as multiple choice, sentence completion, multiple choice and multiple matching (academic lectures, news and interviews, conversations, films[]).</p> <p>2. Listening for main ideas, listening for details, listening for making inferences.</p> <p>3. Guessing meaning from context and making predictions before listening.</p>  |
| Writing   | <p>1. Writing an essay with a discursive focus. Summarising and evaluating key ideas contained in texts.</p> <p>2. Contextualised writing task. Writing for a specific reader, using the appropriate format and style.</p>  |
| Speaking  | <p>1. Pronunciation.</p> <p>1.1. Pronunciation of words and phrases (Consonant clusters, stress in words and phrases, stressed and unstressed syllables).</p> <p>1.2. Pronunciation in conversation (features of fluent speech, breaking speech into units, prominent words in speech units, intonation in telling, asking and answering).</p> <p>1.3. Pronunciation in formal settings.</p> <p>2. Tasks such as oral presentations (developing topics, expressing and justifying opinions and organizing discourse) and short interviews (showing ability to use general interactional and social language).</p> |

### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introductorias                                | 2             | 0                  | 2            |
| Resolución de problemas e/ou exercicios                   | 8             | 0                  | 8            |
| Presentacións/exposicións                                 | 12            | 12                 | 24           |
| Prácticas autónomas a través de TIC                       | 0             | 20                 | 20           |
| Traballos de aula   | 12            | 0                  | 12           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 5             | 20                 | 25           |
| Probas de resposta curta                                  | 4             | 15                 | 19           |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento              | 1             | 15                 | 16           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios                   | 4             | 20                 | 24           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|   | Descrición   |
|---|--|
| Actividades introductorias                                | Presentación da materia ao alumnado e orientación xeral sobre a mesma.   |
| Resolución de problemas e/ou exercicios                   | Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas.                            |
| Presentacións/exposicións                                 | Presentacións orais preparadas polo alumnado de forma individual para reforzar as destrezas comunicativas de expresión.  |
| Prácticas autónomas a través de TIC                       | Traballo autónomo. Realización de exercicios prácticos relacionados coas destrezas comunicativas de forma autónoma a través da plataforma de docencia en liña.     |
| Traballos de aula   | Realización de exercicios relacionados coas destrezas comunicativas na aula.   |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma, con material de autocorrección. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

|   |  |
|---|--|
| Presentacións/exposicións                                 | Para resolver dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais, o profesorado atenderá ao alumnado no seu despacho en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Para resolver dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais, o profesorado atenderá ao alumnado no seu despacho en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico. |

### **Avaliación**

|   | Descrición   | Cualificación | Competencias Avaliadas                                       |
|---|--|---------------|--|
| Presentacións/exposicións               | Durante as sesións prácticas das semanas 5 e 6 o alumnado fará unha presentación oral na aula (20%) e durante as sesións prácticas das semanas 12 e 13 realizarase o exame oral, que consistirá nunha entrevista individual (20%). | 40            | CE1 CT15<br>CE2 CT17<br>CE4 CT23<br>CE24<br>CE25<br>CE30     |
| Probas de resposta curta                | Nas sesións prácticas das semanas 7 e 14 o alumnado será avaliado da destreza de [Listening] por medio de exercicios de resposta curta.  | 20            | CE1 CT9<br>CE2 CT15<br>CE4 CT17<br>CE18 CT23<br>CE24<br>CE30 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Nas sesións teóricas das semanas 8 e 14 o alumnado será avaliado dos contidos teóricos da materia (Use of English and vocabulary).   | 40            | CE1 CT15<br>CE4 CT22<br>CE18 CT23<br>CE24<br>CE30            |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A) Primeira edición das actas: Na primeira edición das actas o alumnado poderá acollerse a avaliación continua (A1) ou a avaliación única (A2).

A1) Avaliación continua na primeira edición das actas: Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma. Para acollerse ao sistema de avaliación continua, se recomenda ao alumnado asistir con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas, así como realiza-las tarefas e exercicios que se lle requiran. O dominio das destrezas de use of English & vocabulary, listening e speaking a nivel C2 será avaliado por medio de dúas probas parciais para cada destreza: - Probas de Use of English & vocabulary (40%): nas clases de teoría das semanas 8 e 14. - Probas de Speaking (40%): presentación oral nas clases prácticas das semanas 5 e 6 e entrevista oral nas clases prácticas das semanas 12 e 13. - Probas de listening (20%): nas clases prácticas das semanas 7 e 14.

As datas e horas das probas correspóndense coas horas das clases dos diferentes grupos. En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás especificadas nesta guía docente. Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota obtida nesa proba. No caso da proba de Use of English e vocabulario, haberá que realiza-las dúas probas, posto que se avalían contidos diferentes. Para conseguilo aprobado na asignatura, o alumnado deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían. O suspenso nunha destreza suporá un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes, o alumnado examinarase en xullo de 2016 (como se pode ver no apartado b) da segunda edición das actas. De non aprobar en xullo de 2016, o alumnado deberá examinarse no seguinte curso académico. De ter suspensa únicamente unha destreza, o alumnado deberá examinarse só desa destreza e gardaránselle as notas aprobadas das outras destrezas ata xullo de 2016 (en ningún caso durante máis tempo). De ter dúas ou máis destrezas suspensas, o alumnado terá que examinarse de toda a materia de novo e non se lle gardará para xullo de 2016 ningunha nota da primeira edición das actas. As destrezas de reading e writing, avaliadas no segundo cuadrimestre do curso na asignatura de "Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés", tamén serán practicadas ao longo do curso, máis non serán consideradas na avaliación. A realización dunha ou varias das probas parciais da avaliación continua implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá acollerse á avaliación única na primeira edición das actas, e a súa nota da primeira edición das actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas parciais realizadas durante o curso.

A2) Avaliación única na primeira edición das actas: O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que ten as seguintes partes: - Proba de Use of English & vocabulary (40%): na clase de teoría da semana 14. - Proba de Speaking (40%): entrevista oral nunha das clases prácticas das semanas 12 ou 13. - Proba de Listening (20%): nunha das clases prácticas da semana 14. Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá acollerse á avaliación única na primeira edición das actas.

B) Segunda edición das actas (xullo 2016) O alumnado que suspenda a avaliación continua ou a avaliación única ou non se presentara na primeira edición das actas, será avaliado mediante un exame único que terá as mesmas características que o exame de avaliación única da primeira edición das actas: - Proba de Use of English & vocabulary (40%). - Proba de Speaking (entrevista oral) (40%). - Proba de Listening (20%) Para aprobar haberá que aprobar cada unha das partes do exame.

A data deste exame de xullo será fixada oficialmente polo centro e publicada na páxina Web do centro. A este exame poderá presentarse o alumnado que suspenda algunha das destrezas da materia na primeira edición das actas. Durante a realización das probas e exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores, teléfonos móbiles, conexión a Internet ou calquera outro medio electrónico. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

**Libro de texto:** Roderick, Megan, Carol Nuttall and Nick Kenny. *Proficiency Expert Coursebook*. (With March 2013 Exam Specifications) Harlow: Pearson, 2013. (Este é o libro que se usará nas clases e que se recomenda mercar xa antes do comezo das clases.)

**Gramática:** Foley, Mark and Diane Hall. *Longman Advanced Learners Grammar. A self-study reference & practice book with answers*. Harlow: Longman, 2003.

**Artigos de prensa:** Serán recopilados ao principio do cuadrimestre de publicacións de internet e periódicos como o Washington Post [www.washingtonpost.com](http://www.washingtonpost.com) e The Guardian [www.guardian.co.uk](http://www.guardian.co.uk)

### **Dicionarios:**

*Collins Cobuild Advanced Dictionary* . London: HarperCollins, 2009.

*Gran Diccionario Oxford Español-Inglés, Inglés-Español* . Oxford University Press, 2008

Jones, Daniel. *Cambridge English Pronouncing Dictionary*. Cambridge University Press, 2006.

*Macmillan English Dictionary for Advanced Learners* . Oxford: Macmillan, 2007

Craven, Miles. *Real Listening & Speaking 3 (with answers)*. Cambridge University Press, 2008.

Broukal, Milada. *Grammar in View 3: Self-Study Guide* . McGraw-Hill, 2006.

*Grammar*. Cambridge: Cambridge University Press, 2011.

Greenbaum, Sydney and Randolph Quirk. *A Student's Grammar of the English Language*. Essex: Pearson, 2003.

Swan, Michael & Walter, Catherine. *How English Works: A Grammar Practice Book (with answers)*. Oxford University Press,

Thornbury, Scott. *Natural Grammar*. Oxford University Press, 2004.

### **Pronunciación:**

Hewings, Martin. *Pronunciation Tasks* . Cambridge University Press , 1993.

### **Vocabulario:**

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *English Phrasal Verbs in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2002.

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *Test your English Vocabulary in Use, Upper-Intermediate*. Cambridge University Press,

### **Materiais en liña:**

<http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/>

<http://www.bbc.co.uk>

<http://www.voanews.com/specialenglish/index.cf>.

<http://www.edufind.com/english/grammar/>

#### **ESL Podcasts:**

<http://www.eslpod.com/toefl/>

<http://www.elliesenglish.com>

<http://www.englishclub.com>

<http://www.breakingnewsenglish.com>

<http://iteslj.org>

<http://www.bellenglish.com/>

<http://www.elcox.co.uk>

<http://www.cambridgeesol.org/exams/>

<http://www.english-online.org.uk>

<http://www.englishoutlook.com>

<http://www.aclenglish.com>

<http://www.englishpage.com>

---

#### **Recomendacións**

---

##### **Materias que continúan o temario**

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés/V01G230V01403

---

---

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

---

---

#### **Outros comentarios**

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.).

Durante as clases o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (teléfono, tableta, PDA ou similares) nin ordenadores, a non ser que a profesora permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Tamén cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright. Ningunha parte dos libros de texto e de lectura poden ser reproducidos, alterados, editados ou usados por calquera forma ou medio, electrónico ou mecánico, inclusive fotocopias, gravacións, Internet ou sistema de almacenamento de datos, sen permiso por escrito dos autores ou editoriais.

---